



Concello de Boiro

ANUNCIO

RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS - ADMINISTRATIVOS/AS

Transcríbese a continuación a resolución de alcaldía de data 17/08/2021 donde consta a corrección de erros na relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a contratación laboral temporal de administrativos/as:

“EXPEDIENTE: 3661/2021

RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS ADMINISTRATIVOS/AS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por decreto de 13/08/2021 resolveuse declarar a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as dos candidatos presentados no proceso selectivo para a selección de administrativos/as ó abeiro das bases de selección aprobadas con data 21/07/2021.

Con posterioridade á sinatura desta Resolución, advírtese polo departamento de persoal que o número de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo foi de 153 e non de 152 xa que faltaba por incluí-la solicitude presentada por D^a. Sandra María S* a traves do SIR.

Procede, unha vez comprobada a presentación desta solicitude en tempo e forma, subsana-lo erro padecido no decreto de data de 13/08/2021 n.º 2021-1132 coa finalidade de adaptalo ós datos correctos.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisada a solicitude de participación e comprobados os requisitos esixidos na base 4^a desta convocatoria, procede aprobar a relación de persoas admitidas e excluídas.

En base ó anteriormente exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Modificar a listaxe de candidatos presentados no proceso de selección para Administrativos/as (grupo C1) que constan no decreto nº 2021-1132 de data de 13/08/2021 e, en consecuencia, incluí-la solicitude presentada por D^a. Sandra María S* con NIF 78788* neste proceso selectivo.

Segundo.- Declarar a D^a. Sandra María S* con NIF 78788*, provisionalmente admitida na oposición, que rexe o procedemento para a selección de administrativos/as, por ter presentada a documentación requirida en tempo e forma.

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web www.boiro.gal, esta rectificación da listaxe de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de referencia.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O secretario xeral, Francisco J. Oubiña Lodeiro

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 7M4QNA73YRQHZM7YHXG4G3MYM | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1